

1. Distingue cales das seguintes oración son coordinadas e cales subordinadas. OLLO pode haber coordinadas e subordinadas dentro da mesma oración. FIXÁDEVOS NOS VERBOS.
 - Eu quería un coche pero son demasiado caros e non o poido comprar.
 - O ordenador que me regalou Xosé é un Lenovo.
 - Din que estaremos todos vacinados antes do verán.
 - O director dixo: “Hoxe iremos todos ao cine”
 - María trouxo o café e Katy as galletas que fixo onte pola tarde na súa casa.
 - A miña cadela persegue todos os gatos que atopa, mais non colle ningún.
 - Vou eu buscar a Martín ao aeroporto ou prefieres que veña en taxi?
 - Na biblioteca hai ducias de libros que están estropeados e non se poden usar.
 - Quería que me dixeras a verdade sobre a nota do teu exame, pero foi imposible.
 - Teño un disco de Bumbury do concerto que dou en México que é realmente alucinante.
 - As fiestras do meu colexio son de aluminio, mais deixan entrar o frío como as de madeira.
 - Marta cumpriu vinte anos onte e Xoana dezanove o venres.
 - Saint-Saëns compuxo *O carnaval dos animais*.
 - A min gústame moito o cine e vin ao longo da miña vida máis de tres mil películas.
 - Na miña vida pensei que tivera que inventar tantas oracións para que os de cuarto da ESO aprendan a analizar.
 - Lúa onte comeulles a comida aos gatos que viven nas inmediacións da Torre de Hércules.
 - A miña tartaruga cando desperta sempre vai á habitación dos meus fillos.
 - Linda cumpriu vinte anos este verán pero aínda pode vivir corenta anos máis.
 - Os alumnos de hai dous anos regaláronme unha alfombrilla para o rato do ordenador coa foto que fixeron no Festival de Rosalía.
 - Este verán gustaríame ir a Grazalema e saír cos meus amigos.
 - Miña irmá é enfermeira no ambulatorio de Matogrande e antes foi subdirectora de enfermeiras no CHUAC.
 - Quero que lles digas aos teus pais que me gustaría falar con eles sobre o teu comportamento.
 - O outro día na titoría falamos do cambio climático e de que podemos facer nós para evitalo.
 - A min encántame facer sendeirismo coa miña cadela.
 - O xurado confesou: “Esta obra é un plaxio”
 - Quixera que me preguntaras as dúbidas de sintaxe que tés e así poder axudarche.
 - O dezanove de marzo é o día de San Xosé e este ano é festivo.

- Non me gustan os libros de texto nin os cadernos de actividades nin os exercicios de reforzo.
- Os que queiran ir de excursión deben encher este cuestionario.
- Quen faga todas estas oracións ben é o rei da sintaxe.
- Ninguén me dixo cantos alumnos faltaron o 8 de marzo.
- Ese é o Instituto onde estudei Bacharelato.
- Non me dixo cando regresaría da súa viaxe a Brasil.
- María sabe como se fai a torta de Guitiriz.
- En Cantares Gallegos Rosalía inspírase nas cantigas populares galegas.
- Xoana non se atreveu a ir de excursión cos seus curmáns.
- Dime o que queres facer no futuro e así poderei orientarte.
-